

Unha cooperación cativa para os máis pobres

Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012

Contido:

1. Orzamentos 2012: o epitafio do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013).....	1
2. Evolución da cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia.....	2
3. Memorial de aldraxes: das promesas incumpridas á indignación.....	3
4. Conclusión: por solidariedade, as persoas primeiro.....	4

1.Orzamentos 2012: o epitafio do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013)

En decembro de 2012 serán aprobados os terceiros orzamentos da lexislatura 2009-2013 do Goberno da Xunta de Galicia polo Partido Popular. Por terceiro ano consecutivo, a Coordinadora Galega de ONGD quere presentar á opinión pública unha análise dos devanditos orzamentos en relación á cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia.

En novembro de 2009, falabamos dunha cooperación galega no lusco e fusco da crise. Naqueles intres de incerteza, os primeiros sinais permitían albiscar que a cooperación ao desenvolvemento podería resultar unha das grandes damnificadas polos axustes que xurdían ameazadores no horizonte. Efectivamente, dentro da vaga de recortes nas políticas públicas galegas froito do compromiso coa estabilidade orzamentaria e loita contra o déficit, a cooperación galega está a vivir tempos de “fusco”, tempos de escuridade. Unha outra volta, volvemos denunciar que **a loita contra a pobreza a nivel internacional non representa unha prioridade política para a Xunta de Galicia nin para os partidos políticos galegos. Unha vez máis estamos ante unha cooperación cativa, tanto no senso de pequena coma no senso de ruín a nivel moral.**

En novembro de 2009 e 2010, a Coordinadora Galega de ONGD denunciaba que os sucesivos Proxectos de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2010 e 2011 ían impedir que a Xunta de Galicia realizase un esforzo activo e de calidade na erradicación da pobreza. Por outra banda, no 2011 a cooperación ao desenvolvemento viviu o seu particular “annus horribilis” cun recorte a mediados de ano do 18% (1.426.804,00€) do seu orzamento, tal e como denunciou no seu momento a Coordinadora Galega de ONGD. **O novo proxecto de lei de orzamentos para o ano 2012 consagra este recorte, cunha redución absoluta de 1.427.000,00€, o que representa unha redución do 18% con respecto ao Proxecto de Lei de Orzamentos para o ano 2011.** (1) **En total, durante a actual lexislatura e goberno de Alberto Núñez Feijoo a cooperación galega ten sufrido un recorte total de 5.225.000,00€ o que representa un 45% do seu orzamento con respecto ao ano 2009. Polo tanto, a cooperación galega ao desenvolvemento é unha das grandes vítimas das medidas de austeridade do Goberno da Xunta de Galicia que está a escribir o epitafio do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010.**

Principais datos:

- **A cooperación galega ao desenvolvemento no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do 2012 descende un 18% en termos relativos e 1.427.000€ en termos absolutos con respecto a 2011.**
- **Entre 2009 e 2012 o orzamento da Xunta de Galicia en cooperación exterior ao desenvolvemento descendeu un 45% en termos relativos e 5.225.000€ en termos absolutos.**
- **A Xunta de Galicia e o Partido Popular incumpren sistematicamente os compromisos de aumentar o orzamento destinado á loita contra a pobreza que se conteñen no II Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento (2010-2013) e no Pacto Galego contra a Pobreza**
- **Galicia carece dunha auténtica política pública de cooperación ao desenvolvemento. Trátase dunha política social cativa en termos económicos e morais. En definitiva, unha cooperación pobre para os máis pobres.**

(1) Este documento de traballo emprega como unidade de análise o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A comparación entre os Proxectos de lei de 2011 e 2012 deita como resultado a constatación dun recorte do 18%. De todos os xeitos, a efectos reais, se comparamos o orzamento previsiblemente executado en 2011 e a previsión orzamentaria para 2012, cómpre salientar que non acontece un descenso senón o mantemento en 2012 do orzamento recortado do ano 2011.

2. Evolución da cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia: retrocedendo a principios de século

A seguir, analizamos a evolución do orzamento de cooperación ao desenvolvemento en Galicia atendendo en exclusiva ao orzamento xestionado pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia (2) que nos últimos anos tivo baixo a súa responsabilidade a cooperación exterior. Na seguinte táboa, podemos percibir con claridade **a grave redución do orzamento de cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia na presente lexislatura.**

Táboa 1



Grupo de gasto	Orzamento de Gastos da Administración Xeral da Xunta de Galicia											
	Orzamento				% Var. 2012/2011		% Var. 2009/2012		Valor relativo			
Función	2009	2010	2011	2012	Importe	Importe %	Importe	Importe %	2009	2010	2011	2012
33. Cooperación exterior ao desenvolvemento	11.664	9.748	7.866	6.439	- 1.427	- 18%	- 5.225	- 45%	0,1	0,08	0,08	0,06

(en miles de euros)

Xa que logo, **nesta lexislatura o goberno da Xunta de Galicia ten reducido en 5.225.000€ a súa achega á cooperación exterior ao desenvolvemento: un 45% menos con respecto ao orzamento de 2009.**

Outro dato alarmante da actual Xunta de Galicia ten sido a práctica desaparición da cooperación exterior executada por outros departamentos da mesma de tal xeito que se ten empobrecido, aínda máis, o compromiso solidario global da Xunta de Galicia.

Como podemos observar nos seguintes cadros, os orzamentos do departamento responsable de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia teñen minguado gravemente, prevíndose para 2012 un horizonte de gasto semellante ao do ano 2005. Por outra banda, a serie histórica revélanos que a Xunta de Galicia segue moi afastada do compromiso de destinar o 0'7% do seu orzamento consolidado a cooperación ao desenvolvemento: o orzamento de cooperación xestionado pola Dirección Xeral correspondente, tanto no 2011 coma no 2012, **terase estancado nunha porcentaxe misérrima do 0'06% dos orzamentos da Xunta de Galicia –semellante ao do ano 2003– e sendo das máis baixas entre todas as comunidades autónomas españolas.**



En relación ao devandito orzamento de cooperación ao desenvolvemento por habitante, **a Xunta de Galicia destina 2,30€ por galego e galega á loita contra a pobreza.**

Podemos afirmar, logo, que **a loita contra a pobreza ten sido unha das principais vítimas dos axustes froito da estabilidade orzamentaria impulsada polo goberno galego por mor da crise económica e financeira. Malia aos discursos oficiais, a cooperación ao desenvolvemento como política social sofre as consecuencias dun axuste social sen precedentes.**

Táboa 2

Orzamento da Cooperación Galega €/habitante			
Ano	Habitantes	Orzamento	€/hab.
2008	2.784.169	11.205.000	4,02
2009	2.749.796	11.664.000	4,24
2010	2.796.089	9.748.000	3,48
2011	2.794.516	7.866.000	2,81
2012	2.794.516	6.439.000	2,30

1. A Xunta de Galicia destina á loita contra a pobreza un 0'06% do seu orzamento, fronte ao 0'7% contemplado na Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento (2003) e no Pacto Galego contra a Pobreza (2010).
2. Galicia continúa a ser unha das comunidades autónomas que menor orzamento destinou historicamente a cooperación internacional ao desenvolvemento.
3. A Xunta de Galicia ten reducido en tres anos un 45% o orzamento destinado á erradicación da pobreza global, fronte a unha redución do 15% do seu orzamento total. O maior recorte nunha política social na historia de Galicia.

(2) Na actual lexislatura, a cooperación ao desenvolvemento é responsabilidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Esta degradación institucional fixo descender á cooperación exterior da Xunta de Galicia a un peso político e nivel institucional semellantes ao do ano 2001.

3. Memorial de aldraxes: das promesas incumpridas á indignación


Nos últimos anos o marco institucional e legislativo da cooperación galega ao desenvolvemento tense dotado de novos instrumentos e mecanismos co fin de garantir unha axuda de calidade e eficaz que promova o desenvolvemento dos pobos e comunidades máis empobrecidas. Pero ***esta calidade e eficacia non se acadarán se non se conta con capacidades institucionais e recursos económicos estables e previsibles*** e nunha contía tal que permitan asegurar o efectivo cumprimento das previsións contidas na Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento, no II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento e no Pacto Galego contra a Pobreza.

Na seguinte táboa presentamos unha ***escolma das promesas e compromisos incumpridos*** que se recollen en textos legais e de planificación que foron aprobados por unanimidade no Parlamento de Galicia e trala alternancia no goberno da Xunta de Galicia das tres principais forzas políticas galegas: PPdG, PSdG-PSOE e BNG. Hogano, este conxunto de promesas incumpridas representan ***un memorial das aldraxes que está a sufrir desde Galicia a loita contra a pobreza a nivel global como política social***. De feito, a capacidade dos partidos políticos galegos para converter as promesas en papel mollado son ***a principal motivación para a indignación da sociedade civil galega ante esta situación de indiferenza política***.

Táboa 3: Promesas e compromisos incumpridos

2003: Lei 3/2003, de 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento	Art. 29. Recursos financeiros. 1. A Lei de orzamentos fixará anualmente os créditos destinados á cooperación para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas orientacións contidas no plan anual correspondente, que tenderán progresivamente a acadalo mínimo do 0,7% dos orzamentos da Xunta de Galicia.
2006: I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2006-2009)	Marco orzamentario: Acadar ao remate do Plan o 0'4 dos orzamentos para a cooperación ao desenvolvemento. Incrementar nun mínimo do 50% anual os orzamentos dedicados pola Xunta de Galicia á cooperación ao desenvolvemento.
2010: II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)	Obxectivo específico 6.1. Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009. Indicador I.6.1.1. Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual da axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros.
2010: Pacto Galego contra a Pobreza	4. Medidas de xestión. 4.1. Axuda ao desenvolvemento. a. Manter un esforzo en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) que garanta que, antes do remate do 2017, alomenos o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia estará adicado a esta finalidade, tal e como obriga o artigo 29.1 da Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento de Galicia.

Todas estas promesas e compromisos incumpridos son a confirmación máis evidente da ***falta de vontade dos partidos políticos galegos por configurar unha auténtica política pública galega de cooperación ao desenvolvemento***. As promesas e compromisos ficaron en mera retórica por mor da teimosa insuficiente dotación de recursos económicos e humanos por parte da Xunta de Galicia xa desde o anterior goberno do bipartito. O proxecto de orzamentos para 2012 define á ***cooperación galega como unha cooperación esmorecente, pobre e cativa***. Xa que logo, podemos cualificar ao ***II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)*** coma defunto a nivel financeiro e institucional por varias razóns como son a marxinalidade da política pública de cooperación na Xunta de Galicia e no resto das administracións públicas galegas (concellos e deputacións) así como pola grave fenda de financiamento existente. Porén, para acadar en 2013 os mínimos orzamentarios previstos no ***II Plan Director da Cooperación Galega*** sería preciso, en primeiro lugar, corrixir e frear a actual caída libre orzamentaria e, a seguir, ***augmentar cara a 2013 a dotación orzamentaria cunha cantidade de entre 11.061.000€ e 16.761.000€ con respecto ao orzamento de 2011***. Xa que logo, os orzamentos 2012 profundan no abismo económico que separa aos orzamentos das previsións do ***II Plan Director***. Garantir en 2017 o 0'7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia (+/- 70.000.000€) esixiría, logo, un activo exercicio de responsabilidade política e social dos partidos políticos galegos co fin de non frustrar o deveso e compromiso solidario da cidadanía galega cos pobos máis empobrecidos.



4. Conclusión: por solidariedade, as persoas primeiro

A Coordinadora Galega de ONGD, en nome das 48 ONGD integradas na mesma e das máis de 10.000 persoas que apoian como socios/as o traballo destas organizacións de solidariedade en Galicia, **denuncia como inadmisibles e moralmente reprobables os recortes no orzamento da cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia e das restantes administracións públicas galegas.** Para a Coordinadora Galega de ONGD, a cooperación ao desenvolvemento debe ser contemplada como **unha política social que promove a nivel global a dignidade, calidade de vida e benestar das persoas que sofren as consecuencias da pobreza. Xa que logo, a protección das persoas como obxectivo político e social dos orzamentos da Xunta de Galicia tamén debe abranguer especialmente ás persoas máis pobres.**

A Coordinadora Galega de ONGD recoñece a gravidade da crise económica e financeira e a necesidade de asumir políticas baseadas na responsabilidade. De todos os xeitos, **rexeita con indignación que o peso do sacrificio a prol da austeridade e de loita contra o déficit público recaia sobre as principais vítimas da crise: as máis de 1.000 millóns de persoas asoballadas pola pobreza, a exclusión e a vulnerabilidade** que sofren en carne propia as consecuencias do funcionamento dun sistema económico afastado dos principios de xustiza social, equidade e solidariedade.

A **Axuda Oficial ao Desenvolvemento** non é un luxo para tempos de bonanza, nin unha esmola para cando as arcas están cheas. É unha necesidade vital para millóns de persoas e **un imperativo ético e moral** que responde a criterios de xustiza, solidariedade e responsabilidade, ademais de constituír **un compromiso asinado e unha obriga moral.**

A sociedade galega expresou reiteradamente o seu compromiso solidario coas persoas máis empobrecidas e as administracións públicas teñen que respectar esta vontade, que se manifestou de xeito significativo nos tres últimos anos no seu rexeitamento ás medidas de recorte da axuda aos países máis empobrecidos.

Por estes motivos, a Coordinadora Galega de ONGD esixe aos líderes políticos e ás persoas responsables das administracións públicas galegas que:

1. *Impulsen medidas de loita contra a crise que se dirixan prioritariamente cara aos responsables e causantes da mesma, mediante o apoio á creación dunha taxa ás transaccións financeiras, ás medidas fiscais que recaian sobre os que máis teñen así como aos recortes que non actúen contra o gasto social e a economía produtiva.*
2. *Reiteren o seu compromiso coa loita contra a pobreza, co desenvolvemento humano e cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, mantendo os seus compromisos de Axuda Oficial ao Desenvolvemento no seu nivel de responsabilidade autonómica e local.*
3. *Rectifiquen e retiren as medidas de recorte na loita contra a pobreza e tomen conciencia dos seus actos e das consecuencias negativas dos mesmos sobre as persoas máis pobres.*
4. *Resposten con responsabilidade ás demandas da cidadanía galega de maior solidariedade entre os pobos da Terra.*

Pedimentos da Coordinadora Galega de ONGD:

- **Que os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia (PPdG, PSdG-PSOE e BNG) manifesten o seu compromiso coa erradicación da pobreza mediante a presentación de emendas ao proxecto de Lei de Orzamentos para o ano 2012 que garantan unha dotación orzamentaria da cooperación exterior ao desenvolvemento cunha cantidade non inferior a 10.000.000€ de xeito que a devandita política social represente ao menos o 0'1% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.**
- **Que o goberno da Xunta de Galicia presente publicamente un calendario de financiamento da cooperación exterior ao desenvolvemento para os vindeiros dous anos que garanta o cumprimento das previsións contidas no II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013).**
- **Que os partidos políticos (PPdG, PSdG-PSOE e BNG) asinantes do Pacto Galego contra a Pobreza promovan a sinatura de Pactos Locais contra a Pobreza e introduzan nos orzamentos dos concellos e deputacións galegas partidas económicas destinadas ao financiamento da cooperación ao desenvolvemento con garantías de sostibilidade, previsibilidade e nunha contía que garanta accións eficaces e de calidade.**

1991 - 2011



aniversario

Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

Rúa dos Basquiños 33 1º A
15704 • Santiago de Compostela
981 585 189 • 618 626 627
sensibilizacion@galiciasolidaria.org
www.galiciasolidaria.org

Autor: José Luis Pastoriza Rozas. Licenciado en Filosofía (USC) e MSc NGOs & Development (LSE). Foi técnico de proxectos na Secretaría Técnica da Coordinadora Galega de ONGD. Permitida a reprodución total e parcial dos contidos desta publicación coa mención da fonte. Descarga gratuíta na web da Coordinadora.